

calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Na medida en que se vaia implantando a nova ordenación da educación preescolar establecida neste real decreto, de acordo co disposto no Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, quedará sen efecto o contido do Real decreto 1330/1991, do 6 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo da educación infantil, no referente á regulación do primeiro ciclo deste nivel.

2. Quedan derogadas as demais normas de igual ou inferior rango en canto se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución española, a disposición adicional primeira, número dous, da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e en virtude da habilitación que lle confire ó Goberno a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 10.2, ten carácter de norma básica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 27 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,

PILAR DEL CASTILLO VERA

13027 REAL DECRETO 829/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas comúns da educación infantil. («BOE» 156, do 1-7-2003.)

Segundo establece a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, correspóndelle ó Goberno fixa-las ensinanzas comúns, que son os elementos básicos do currículo, en canto ós obxectivos, contidos e criterios de avaliación. A fixación destas ensinanzas é, en todo caso e pola súa propia natureza, competencia exclusiva do Estado, de acordo co previsto pola Lei orgánica 8/1985, do 3 de

xullo, reguladora do dereito á educación, na súa disposición adicional primeira.2.c), e a teor da disposición derradeira terceira.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

A finalidade destas ensinanzas comúns, e razón de ser da competencia que lle corresponde en exclusiva ó Estado para as fixar, é garantir unha formación común a tódolos alumnos dentro do sistema educativo español, como se expresa no artigo 8.2 da referida Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Para asegura-lo logro desta finalidade, as ensinanzas comúns deben quedar incluídas, nos seus propios termos, no currículo que cada unha das administracións educativas estableza para o seu respectivo territorio.

A estas esixencias, impostas pola propia finalidade das ensinanzas comúns, obedece a fixación que, dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, das correspondentes ó nivel de educación infantil, se leva a cabo neste real decreto.

A preocupación pola infancia como reto das sociedades democráticas, o respecto ós dereitos dos nenos, a necesidade de crear condicións educativas de calidade baseadas no esforzo, a importancia dunha preparación inicial e permanente do profesorado fundamentada na práctica, na investigación e na innovación educativa e as experiencias dos países da Unión Europea son eixes dinamizadores da educación infantil.

A educación infantil será individualizada e personalizada para se axustar ó ritmo de crecemento, desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno e, así mesmo, favorecerá a transmisión e o desenvolvemento dos valores para a vida e a convivencia desde os primeiros anos escolares. Os alumnos con necesidades educativas especiais, transitorias ou permanentes, necesitan un diagnóstico e unha educación especializada temperá, e serán atendidos neste nivel por medio dunha resposta educativa apropiada e adaptada de carácter preventivo e compensador.

Este modelo educativo responderá ás necesidades e características físicas, cognitivas, estéticas, afectivas e sociais do neno de tres a seis anos por medio de actividades e experiencias, aplicadas nun ambiente de afecto e de confianza, e o xogo como un dos principais recursos educativos.

Neste nivel procurárase que o neno aprenda a facer uso da linguaxe e se inicie na aprendizaxe da lectura e a escritura, e comprenderá o desenvolvemento de actividades lingüísticas e o inicio da plena comprensión do significado.

A partir dos tres anos o neno dispón da capacidade de poder operar con múltiples representacións, polo que xa se pode empezar a prepara-la conciencia da relación da linguaxe oral coa representación gráfica por medio de pictogramas, nun contexto integrado de actividades comunicativas.

Ós catro anos, debe ser capaz de recoñecer palabras moi significativas do seu contorno, e será posible favorecer-la súa habilidade lectora. De forma progresiva aparece no neno o interese por recoñecer-las letras como compoñentes das palabras, que debe se-lo punto de partida no proceso da lectura e da escritura.

Para poder acomete-la lingua escrita con éxito, será preciso estimula-lo desenvolvemento da linguaxe oral, adestrando os alumnos para produciren sons, sílabas e palabras con soltura.

A aprendizaxe da lingua escrita debe permitir que os nenos comencen a descubri-las posibilidades que ofrece a lectura e tamén a escritura, como fonte de pracer, fantasía, comunicación e información.

Para favorece-lo proceso de ensino-aprendizaxe terase en conta a necesidade que ten o neno dun clima

afectivo que lle ofrezca seguridade e estimule o descubrimento de si mesmo e do seu contorno. A exploración e a curiosidade espontáneas deberanse desenvolver a través de actividades que conduzan á adquisición das bases do coñecemento, á capacidade de expresión e sensibilización estética e á adquisición de hábitos de conducta social e de coidado de si mesmo.

Os centros escolares cooperarán estreitamente coas familias na educación dos seus fillos.

Para asegura-lo tránsito adecuado entre os niveis de educación infantil e educación primaria, será necesario chegar a criterios de actuación conxunta mediante a práctica sistemática da coordinación.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2003,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Principios xerais.*

1. O nivel de educación infantil, que ten carácter voluntario e gratuito, estará constituído por un ciclo de tres anos académicos, que se cursará desde os tres ós seis anos de idade. Será impartido por mestres coa especialidade correspondente.

2. As administracións educativas garantirán a existencia de postos escolares gratuitos en centros públicos e en centros privados concertados para atender a demanda das familias.

3. As administracións educativas promoverán a escolarización neste nivel educativo dos alumnos con necesidades educativas especiais.

Artigo 2. *Finalidade.*

A finalidade da educación infantil é o desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos.

Artigo 3. *Obxectivos.*

1. De acordo co disposto no artigo 12 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, a educación infantil contribuirá a desenvolver nos nenos as seguintes capacidades:

- Coñece-lo seu propio corpo e as súas posibilidades de acción.
- Observar e explora-lo seu contorno familiar, social e natural.
- Adquirir unha progresiva autonomía nas súas actividades habituais.
- Relacionarse cos demais e aprende-las pautas elementais da convivencia.
- Desenvolve-las súas habilidades comunicativas orais e iniciarse na aprendizaxe da lectura e a escritura.
- Iniciarse nas habilidades numéricas básicas.

2. Ademais, as administracións educativas promoverán, nas aprendizaxes da educación infantil, a incorporación dunha lingua estranxeira, especialmente no últi-

mo ano do nivel, e fomentarán experiencias de iniciación temperá nas tecnoloxías da información e das comunicacións.

Artigo 4. *Áreas.*

1. Os contidos educativos da educación infantil organizaranse de acordo coas seguintes áreas:

- O coñecemento e control do seu propio corpo e a autonomía persoal.
- A convivencia cos demais e o descubrimento do contorno.
- O desenvolvemento da linguaxe e das habilidades comunicativas.
- A representación numérica.
- A expresión artística e a creatividade.

2. Os contidos que se propoñan en cada área transmitiránse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para o neno.

Artigo 5. *Elementos básicos do currículo.*

As ensinanzas comúns, que constitúen os elementos básicos do currículo no que se refire a obxectivos, contidos e criterios de avaliación, son as que se especifican no anexo deste real decreto.

Artigo 6. *Currículo das administracións educativas.*

As administracións educativas establecerán o currículo da educación infantil, que incluírá, nos seus propios termos, as ensinanzas comúns contidas neste real decreto.

Artigo 7. *Avaliación.*

1. Na educación infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.

2. Os mestres que impartan educación infantil avaliarán o proceso de ensino, a súa propia práctica educativa e o desenvolvemento de capacidades por parte dos nenos de acordo cos obxectivos e os coñecementos adquiridos no citado nivel.

Artigo 8. *Autonomía pedagóxica dos centros.*

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo establecido polas administracións educativas mediante as programacións didácticas, nas que se terán en conta as necesidades e as características dos alumnos deste nivel educativo. Nestas programacións respectaranse os ritmos de xogo, traballo e descanso dos nenos.

2. As administracións educativas promoverán a autonomía dos centros e estimularán o traballo en equipo dos mestres.

3. Os equipos de mestres dos centros docentes públicos terán autonomía para elixiren os libros de texto e demais materiais didácticos que se deban usar neste nivel educativo, sempre que se adapten ó currículo normativamente establecido.

4. Para poder desenvolver ó máximo as capacidades, a formación e as oportunidades de tódolos alumnos, os centros docentes poderán amplia-lo currículo, o horario escolar e os días lectivos, respectando, en todo caso, o currículo e mailo calendario escolar establecidos polas administracións educativas.

Artigo 9. Atención educativa para os alumnos con necesidades educativas específicas.

As administracións educativas promoverán que os centros educativos leven a cabo medidas de apoio e de atención educativa dirixidas ós alumnos con necesidades educativas específicas.

Artigo 10. Calendario escolar.

O calendario escolar, que fixarán as administracións educativas para este nivel, comprenderá un mínimo de 175 días lectivos. En ningún caso, o inicio do curso escolar se producirá antes do 1 de setembro nin o final das actividades lectivas despois do 30 de xuño de cada ano académico.

Disposición adicional primeira. Ensinanzas de relixión.

En virtude do establecido no acordo sobre ensino e asuntos culturais suscrito entre a Santa Sé e o Estado español e, de se-lo caso, co disposto naqueloutros subscritos, ou que se puidesen subscribir, con outras confesións relixiosas, o currículo da educación infantil incluírá ensinanzas de relixión para os alumnos os pais dos cales o soliciten.

Disposición adicional segunda. Incorporación dos alumnos.

1. Os alumnos poderanse incorporar ó primeiro curso da educación infantil no ano natural no que cumpran tres anos, e poderán permanecer escolarizados neste nivel educativo ata os seis anos.

2. No caso dos alumnos con necesidades educativas específicas, excepcionalmente poderá autorizarse a flexibilización desta norma.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

1. No momento en que se implante a nova ordenación da educación infantil establecida neste real decreto, de acordo co disposto no Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, quedará sen efecto o contido do Real decreto 1330/1991, do 6 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo da educación infantil, no referente ó regulado para o segundo ciclo do citado nivel.

2. Quedan derogadas as demais normas de igual ou inferior rango en canto se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución española, a disposición adicional primeira, número dous, da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e en virtude da habilitación que lle confire ó Goberno a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, ten carácter de norma básica.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento regulamentario.

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades

autónomas no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 27 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

ANEXO

Educación infantil

Obxectivos

A finalidade da educación infantil é o desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nos nenos as capacidades de:

1. Coñece-lo seu propio corpo e as súas posibilidades de acción.
2. Adquirir unha progresiva autonomía nas súas actividades habituais.
3. Relacionarse cos demais e aprende-las pautas elementais de convivencia.
4. Observar e explora-lo seu contorno familiar, social e natural.
5. Desenvolve-las súas habilidades comunicativas orais e iniciarse na aprendizaxe da lectura e a escritura.
6. Iniciarse nas habilidades numéricas básicas.

ÁREAS CURRICULARES

As áreas curriculares corresponden ós ámbitos propios da experiencia e o desenvolvemento infantil. Desenvolveranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para o neno.

Os contidos educativos distribúense nas correspondentes áreas relacionadas cos diferentes ámbitos de coñecemento e experiencias:

1. O coñecemento e control do seu propio corpo. A autonomía persoal.
2. O descubrimento do contorno e a convivencia cos demais.
3. Desenvolvemento da linguaxe e das habilidades comunicativas.
4. Representación numérica.
5. A expresión artística e a creatividade.

Os contidos desenvólvense nos seguintes bloques:

1. O coñecemento e control do seu propio corpo. A autonomía persoal.

1.1 O corpo.

- a) O corpo humano: características diferenciais do corpo.
- b) Sensacións e percepcións do propio corpo.

As necesidades básicas do corpo. Os sentidos e as súas funcións.

c) Descubrimento e progresivo afianzamento da lateralidade e do esquema corporal.

d) Confianza nas posibilidades e capacidades propias para realiza-las tarefas.

e) Coidado das dependencias do centro e do seu contorno, para poder realiza-las actividades en espazos limpos e ordenados.

1.2 O xogo e o movemento.

a) Conciencia das posibilidades e as limitacións motrices do corpo.

b) Coordinación e control das habilidades motrices de carácter fino.

c) Desenvolvemento do xogo protagonizado, como medio para coñecer a realidade.

d) Nocións básicas de orientación no espazo e no tempo.

e) Aceptación das normas implícitas que rexen os xogos de representación de papeis.

f) Actitude de axuda e colaboración cos compañeiros nos xogos e na vida cotiá.

1.3 A autonomía persoal.

a) A saúde e o coidado dun mesmo.

b) A hixiene persoal.

c) Accións que favorecen a saúde: a alimentación e o descanso.

d) A enfermidade: previr accidentes e evitar situacións perigosas.

2. Descubrimento do contorno e a convivencia cos demais.

2.1 O mundo dos seres vivos.

a) Características xerais dos seres vivos: semellanzas e diferenzas.

b) Recoñecemento sinxelo de animais e plantas.

c) Cambios que se producen en animais e plantas no curso do seu desenvolvemento.

d) Productos elaborados a partir de materias primas procedentes de plantas e animais.

e) Curiosidade, coidado e respecto cara ós animais e ás plantas como primeiras actitudes para a conservación do medio natural.

2.2 O mundo da materia.

a) Diferentes tipos de obxectos naturais e elaborados presentes no contorno.

b) Atributos físicos e sensoriais dos obxectos: cor, tamaño, sabor, son, plasticidade, dureza.

c) Clasificación elemental dos obxectos en función das súas características e da súa utilización.

d) Respecto e coidado dos obxectos de uso individual e colectivo.

2.3 Convivencia cos demais.

a) Os primeiros grupos sociais: a familia e a escola.

b) A familia, os seus membros, relacións de parentesco, funcións e ocupacións. Lugar que ocupa entre eles.

c) A escola.

Os membros da escola: os nenos e os adultos.

Funcións e ocupacións.

A aula: distribución e emprego dos espazos.

Obxectos e mobiliario.

d) Valoración e respecto das normas que rexen a convivencia nos grupos sociais ós que pertence o neno.

e) A vivenda: dependencias e funcións. Tarefas cotiás do fogar.

2.4 A vida en sociedade.

a) O contorno próximo ó neno: a rúa, o barrio, a vila e a cidade.

b) Formas de organización humana segundo a súa situación nas distintas paisaxes: rural e urbana.

c) A actividade humana no medio: funcións, tarefas e oficios habituais.

d) Os servizos relacionados co consumo.

3. O desenvolvemento da linguaxe e das habilidades comunicativas.

3.1 Linguaxe oral.

a) A linguaxe como medio de comunicación. Diferentes necesidades na comunicación.

Discriminación auditiva, entoación e pronuncia.

b) As formas socialmente establecidas para iniciar, manter e terminar unha conversa.

c) Comprensión de contos, narracións e mensaxes orais.

d) Expresión de mensaxes referidas a necesidades, emocións e desexos. Contos, refráns, cancións, adiviñas, de forma individual e en grupo.

e) Iniciativa e interese por participar na comunicación oral, respectando as normas sociais establecidas que regulan o intercambio lingüístico.

3.2 Linguaxe escrita.

a) A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.

b) Os recursos da lingua escrita: pictogramas, rótulos, láminas, xornais, revistas e libros.

c) Interpretación de imaxes, carteis, fotografías.

d) Desenvolvemento perceptivo-motriz:

Orientación espazo-temporal, esquema corporal, discriminación de figuras, memoria visual.

Direccionalidade, linealidade, orientación esquerda-dereita, distribución e posición ó escribir.

e) Relacións entre a linguaxe oral e a escrita:

Correspondencia fonema-grafía.

Identificación de letras.

Estructura fonémica da fala, segmentación en: palabras, sílabas e fonemas.

Representación gráfica dos fonemas.

f) Comprensión de palabras e textos escritos a partir de experiencias próximas ó alumno.

g) Lectura de palabras e textos en voz alta con pronuncia, ritmo e entoación adecuados.

h) Utilización de recursos e fontes de información escrita (folletos, contos, cómic, biblioteca da aula, etc.).

i) Producción de palabras e frases sinxelas.

4. A representación numérica.

a) Propiedades dos obxectos: forma e tamaño.

b) Expresión da cuantificación.

c) Os primeiros números ordinais.

d) A serie numérica: os nove primeiros números. A súa representación gráfica.

e) Iniciación ó cálculo coas operacións de unir e separar por medio da manipulación de obxectos.

f) Nocións básicas de medida. Unidades de medida naturais. Medidas temporais. Instrumento de medida do tempo: o reloxo.

g) Formas planas: círculo, cadrado, rectángulo, triángulo. Corpos xeométricos: esfera, cubo.

h) Nocións básicas de orientación e situación no espacio.

5. A expresión artística e a creatividade.

5.1 Expresión plástica.

a) A expresión plástica como medio de comunicación e representación.

b) Materiais e útiles para a expresión plástica.

c) As técnicas básicas da expresión plástica. Utilización destas técnicas para favorece-la creatividade.

d) Gama de cores primarias e a súa mestura.

e) Interese e respecto polas elaboracións plásticas propias e dos demais.

5.2 Expresión musical.

a) Ruído, silencio e música.

b) As propiedades sonoras da voz, dos obxectos de uso cotián e dos instrumentos musicais.

c) Discriminación de sons e ruídos da vida diaria: ambulancias, trens, coches, timbres, animais...

d) Cualidades do son: intensidade e ritmo.

e) Cancións populares infantís, danzas, bailes e audicións.

f) Interese e iniciativa para participar en representacións.

5.3 Expresión corporal.

a) Posibilidades do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.

b) O corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.

c) Nocións de direccionalidade co propio corpo.

d) Desprazamentos polo espacio con movementos diversos.

e) Interese e iniciativa para participar en representacións.

Criterios de avaliación

A avaliación terá en conta o desenvolvemento das capacidades e o logro dos obxectivos marcados no currículo. O final da educación infantil os alumnos deben ser capaces de:

1. Identifica-las partes do propio corpo, no doutro neno e nun debuxo.

2. Distingui-los sentidos e identificar sensacións a través deles.

3. Expresa-las emocións a través do corpo.

4. Confiar nas súas posibilidades para realiza-las tarefas encomendadas.

5. Orientarse no espacio.

6. Ter interiorizada a súa lateralidade.

7. Acepta-las regras do xogo.

8. Ser autónomos no seu aseo persoal.

9. Distingui-los membros da súa familia, identifican-do parentesco, funcións e ocupacións.

10. Coñece-las dependencias do colexio, a aula, os seus membros e as súas funcións.

11. Identifica-las dependencias da casa e as súas funcións.

12. Respectar e coida-los obxectos do seu contorno.

13. Coidar e respecta-los animais e as plantas.

14. Falar cunha pronuncia correcta.

15. Discriminar auditivamente palabras, sílabas e fonemas.

16. Participar mediante comunicación oral (conversas, contos, cancións, adiviñas, poesías...).

17. Memorizar pequenos relatos.

18. Interpretar imaxes, carteis, fotografías, pictogramas e contos.

19. Recoñece-las grafías dentro das palabras.

20. Ler e identificar letras, palabras e frases sinxelas.

21. Representar graficamente o que le.

22. Aprender a contar de forma correcta.

23. Identifica-los nove primeiros números e a súa representación gráfica.

24. Coñece-los primeiros números ordinais.

25. Realiza-las grafías dos números sinxelos.

26. Clasificar elementos atendendo ás súas propiedades.

27. Resolver problemas sinxelos que impliquen operacións básicas.

28. Identifica-las formas xeométricas máis elementais: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.

29. Identifica-las cores primarias e a súa mestura.

30. Ter interese e respecto polas súas elaboracións plásticas e polas dos demais.

31. Coñece-las propiedades sonoras do propio corpo, dos obxectos e dos instrumentos musicais.

32. Memoriza-las cancións aprendidas.

33. Expresar sentimentos e emocións co corpo.

34. Desprazarse polo espacio con distintos movementos.

13179 *REAL DECRETO 830/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas comúns da educación primaria.* («BOE» 157, do 2-7-2003.)

Segundo establece a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, corresponde ó Goberno fixa-las ensinanzas comúns, que son os elementos básicos do currículo, en canto ós obxectivos, contidos e criterios de avaliación. A fixación destas ensinanzas é, en todo caso e pola súa propia natureza, competencia exclusiva do Estado, de acordo co previsto pola Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na súa disposición adicional primeira.2.c), e segundo o teor da disposición derradeira terceira.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro.

A finalidade destas ensinanzas comúns, e razón de ser da competencia que corresponde en exclusiva ó Estado para fixalas, é garantir unha formación común a todos os alumnos dentro do sistema educativo español, como se expresa no artigo 8.2 da referida Lei orgánica 10/2002.

Para asegura-lo logro desta finalidade, as ensinanzas comúns deben quedar incluídas, nos seus propios termos, no currículo que cada unha das administracións educativas establece para o seu respectivo territorio e á súa impartición débese dedicar, en todo caso, de acordo co determinado na propia Lei orgánica 10/2002, no seu artigo 8.2, o 55 por cento dos horarios escolares